

PROGRAMACIÓN CULTURAL
MAIO, MES DAS LETRAS 2023

XIV Concurso de Marcapáxinas

Concurso destinado ao alumnado dos centros de ensino do Concello. Podes consultar as bases en www.concellodezas.org

Música

Xoves, 11 de maio

BRAIS DAS HORTAS

"Contos para cagar patatillas!"

Auditorio do Concello. **10.30h**

Función escolar.

Teatro

Mércores, 17 de maio

Grupo ELAS Teatro do IES Maximino Romero

"O partido"

Grupo de Teatro de 4º de EP do CEIP Labarta Pose

"O trasplante de corazón"

Auditorio de Baio. **18h**

Música

Venres, 19 de maio

BRAIS DAS HORTAS

"Contos para cagar patatillas!"

Auditorio de Baio. **12.30h**

Función escolar.

Música

Venres, 19 de maio

Abril, **"Música folk"**

IES Maximino Romero . **12.45h**

Función dirixida ao alumnado da ESO e BACH.

Animación á lectura

Luns, 29 de maio

COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE,

"Viaxe a Brasil", Contacontos Teatral

Axencia de Lectura de Baio. **18h**

Animación á Lectura

Martes, 30 de maio

COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE,

"Viaxe a Brasil", Contacontos Teatral.

Biblioteca Municipal de Zas. **18h**

VI MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO
LABARTA POSE

15 de abril

AVELAÍÑA TEATRO

"A Lola" Auditorio de Baio

22 de abril

HIPÓCRITA TEATRO

"Arte" Auditorio de Zas

29 de abril

A TEQUERRETÉ TEATRO

"Vacacións" Auditorio de Baio

6 de maio

FAUNA 113

"Os veciños do lado" Auditorio de Zas

13 de maio

CARRACHANACACHA do ATURUXO DE MELPÓMENE

"A pena do cu do mundo" Auditorio de Baio

Todas as funcións ás 21h

20 de maio

ENTREGA DE PREMIOS

CLAUSURA DA ESCOLA DE TEATRO

INFANTIL DO CONCELLO DE ZAS

Auditorio de Zas. **18h.**

+info

WEB: www.concellodezas.org

981 751 398 - 981 718 056

C.S.C. ZAS

C.S.C. BAIO

ler
conta moito

Rede de
Bibliotecas de Galicia

XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE ZAS



Deputación
DA CORUÑA

M
a
i
o

m
e
z

d
a
z

l
e
t
r
a
s



FRANCISCO
FERNÁNDEZ
DEL RIEGO
LETRAS GALEGAS
2023

Vida e obra



Retrato de Francisco Fernández del Riego. Fonte: Galiciana. Biblioteca de Galicia

Francisco Fernández del Riego, nacido en Vilanova de Lourenzá (Lugo) no ano 1913, é unha das figuras máis relevantes do ensaio e a crítica literaria galega.

Avogado de profesión, comezou a militar nas filas do galeguismo durante o período republicano, intervindo en diversos proxectos do grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos.

Xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto, foi un dos principais artífices da Editorial Galaxia (1950), empresa que liderou o proceso de restauración cultural na posguerra. Desta iniciativa xurdiu a revista *Grial* (1963), que Del Riego dirixiu en colaboración con Piñeiro durante os primeiros cen números e onde participaría asiduamente con artigos e recensións literarias.

Autor dunha extensa obra, o intelectual galeguista cultivou o ensaio sobre a cultura e a literatura galegas (*Cos ollos do noso espírito*, 1949-; *Historia da literatura galega*, 1951; *Galicia no espello*, 1954; *Diccionario de escritores en lingua galega*, 1990; *A xeración Galaxia*, 1996) e estranxeiras (*Letras do noso tempo*, 1974; *Escritores de Portugal e do Brasil*, 1984), a narrativa (*O cego de Pumardedón*, 1992; *Mondoñedo*, 1992) e a literatura de viaxes (*As peregrinacións xacobeas*, 1983; *O camiño de Santiago*, 1992; *Galicia*, 1994).



Fotografía de Cunqueiro, Carballo Calero e Fernández del Riego. Fonte: Wikimedia

Redirixiu varias biografías (*Ánxel Casal e o libro galego*, 1983; *Antolín Faraldo, o gran soñador*, 1998), deu ao prelo dúas antoloxías poéticas (*Do dezanove ós continuadores*, 1976; *Do posmodernismo ós novos*, 1980), editou varios

vocabularios galego-castelán e asinou numerosos artigos xornalísticos. Tamén publicou un libro de memorias, *O río do tempo* (1991).

Foi director da Real Academia Galega, entidade en que ingresara en 1960 cun discurso titulado *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*, e da Biblioteca da Fundación Penzol.

Pola súa importante contribución á nosa cultura, Fernández del Riego foi recoñecido con numerosos galardóns (Premio Trasalba, Premio Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, Premio de creación Cultural da Xunta de Galicia, Premio Celanova, a casa dos Poetas, etc.). Así mesmo, foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo e Galego Egrexio pola Fundación dos Premios da Crítica.

Faleceu no seu domicilio da cidade de Vigo, o 23 de novembro de 2010.